

## 5.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, mediante comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración sinalados nestas bases.

Instrución do procedemento:

Para a instrución do procedemento será competente a concellaría de deportes. Na mesma constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O alcalde, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - O Xerente de actividades deportivas.
  - O Concelleiro delegado de deportes.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un funcionario do concello.

A comisión avaliadora estudará a solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades desenvolta polos solicitantes, de acordo en todo caso cos seguintes criterios:

- Interese xeral da actividade deportiva desenvolta, valorando para elo o ámbito das competicións nas que participe o deportista (internacional, nacional ou rexional). Ate 10 puntos
- Categoría do deportista, primándose a categoría absoluta sobre as demais: ate 10 puntos.
- Continuidade, estabilidade e solvencia do solicitante, valorada en base aos logros acadados ao longo da súa carreira deportiva. Ate 5 puntos.

Resolución do procedemento.

O órgano competente para resolver o procedemento será a xunta de goberno local. A resolución de concesión ditarse no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. A notificación do acordo deberá efectuarse no prazo de dez días sinalado no artigo 58 da Lei 30/92, 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude.

A resolución (expresa ou presunta) do procedemento pon fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición, ou ben directamente recurso contencioso administrativo, nas condicións previstas na normativa reguladora dos mesmos.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas, procederase a publicar a relación de beneficiarios, nos termos indicados en dita norma.

## 6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

De acordo co previsto no artigo 30.7 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, estas subvencións son concedidas en atención á concorrència dunha determinada situación no perceptor, polo que non requirirán outra xustificación que a acreditación da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

O pagamento efectuarase no prazo dun mes desde a adopción do acordo de concesión da achega.

## 7.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

## 8.- OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son incompatibles con outras subvencións públicas que puideran obter os beneficiarios para o financiamento da súa actividade deportiva.

## 9- RÉXIME SANCIONADOR.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

## 11.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación o contemplado no marco normativo vixente, e especialmente na base nº 53 de execución de orzamento.